



## Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria 2014

Benquerida/o socia/o,

Compráceme convocarte á Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

- Día: **sábado 8 de marzo** de 2014
- Hora da primeira convocatoria: 11.30 h
- Hora da segunda convocatoria: **12.00 h**
- Lugar: Restaurante Espazo Cultural **A Nave de Vidán** (Avda. da Mestra Victoria Míguez 44. Santiago de Compostela)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Elección de nova Xunta Directiva
8. Rolda aberta de intervencións

### Documentación para a Asemblea

A partir do día **28 de febreiro** estará ao dispor das socias e dos socios a documentación para a asemblea a través do web da CTNL: acta da asemblea anterior, informe de altas e baixas de socias/os, informe de xestión e propostas de acción para o próximo exercicio. Nese momento, enviaráseche un correo-e con acceso a eses documentos, para que, deste xeito, poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos unha asemblea máis áxil, dinámica, participativa e produtiva.

### Elección da Xunta Directiva

Lembrámosche que, segundo os estatutos da CTNL, a Xunta Directiva estará integrada por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e seis vogais (art. 24) e que os cargos da Xunta Directiva terán unha duración de dous anos (art. 25). Deste xeito, poderanse presentar candidaturas á Xunta Directiva até 72 horas antes da Asemblea (mércores 5 de marzo, ás 11.30 h), para o que se deberá enviar a candidatura por correo electrónico a [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org), na que deberán figurar os nomes, apelidos e números de documentos de identidade dos/as socios/as que a compoñen, e sempre co visto e prace desas persoas.

Atentamente,

Nel Vidal Barral  
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2014



## Xantar de confraternidade lingüística

O mesmo día da Asemblea da CTNL celebraremos, no mesmo espazo, unha lacoada de confraternidade lingüística, na que nos gustaría contar coa túa participación.

- Lugar: Restaurante **A Nave de Vidán** (Avda. da Mestra Victoria Míguez 44. Santiago de Compostela) [www.anavedevidan.com](http://www.anavedevidan.com)
- Hora: **14.30 h.**
- Menú: **lacoada** (lacón, chourizos, patacas, grelos, viño tinto e outras bebidas, queixo e rosca de sobremesa e café de pota).
- Prezo: **20 euros.**
- Confirmación: debes **confirmar** a túa asistencia ao xantar ata o **5 de marzo**, no enderezo-e [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org) ou no teléfono **629 571 950**.